



Expediente Xestiona 434/2019

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SETE PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA PÚBLICA DENTRO DO PLAN CONCELLOS 2019 CORRESPONDENTE A LIÑA 3 :EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.-

1.- Obxecto.-

O Concello de Baiona en colaboración cá Deputación Provincial de Pontevedra a través do denominado Plan Concellos 2019 na súa Liña 3: Emprego para a Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, realiza oferta de contratación temporal, en réxime laboral de **SETE PRAZAS** no grupo profesional de **PEÓNS DE OBRA PÚBLICA**, para a realización do programa **ACTIVATE NO EMPREGO 2019- "Actuacións e tarefas reparacións de infraestructuras viarias, mobiliario urbán nos concellos e as parroquias debido o incremento do volumen de tarefas directamente relacionados co aumento poboacional derivado do turismo de tempada"**

2.- Tipo de contrato. Contrato laboral de duración determinada baixo a modalidade de contrato por acumulación de tarefas recollido no art 15. b) do RD legislativo de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido Estatuto dos Traballadores e o RD 2720/1998 art.3 de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, o cal estará suxeito a normativa de incompatibilidades prevista para os empregados e empregadas públicos da Ley 53/84 de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.

3.- Tempo do contrato e xornada de traballo.- A duración do contrato será de **SEIS MESES** contados a partir da sinatura do contrato e tendo como data límite de finalización o 31/12/2019. Sendo a xornada completa de 35 horas semanais de luns a domingo en xornada de mañá e ou tarde cos descansos legais preceptivos.

4.- Prazas. **SETE** prazas no grupo profesional de **PEÓN DE OBRA PÚBLICA**, enmarcados dentro do Plan Concellos 2019. Liña 3 " Emprego para a conservación de bens e Servizos Municipais"

6.-Requisitos dos/as aspirantes.- Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- Ter nacionalidade española. Os/as nacionais doutros estados da Unión Europea poderán acceder ó posto de traballo consorte o disposto no artigo 57 Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.
- Ter cumprido dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
- Estar inscrito na oficina de Baiona do Servizo Público de Emprego de Galicia nos códigos de ocupación 96011029-PEÓNS DE OBRA PÚBLICA e **figurar no listado de**





sondaxe público emitido por dito organismo, previa solicitude do mesmo polo concello de Baiona. (IDEN.OFERTA 12/2019/1425)

7.- Prazo de presentación de solicitudes e documentación.- As solicitudes poderán presentarse:

As solicitudes poderán presentarse no modelo de instancia unida a estas Bases no rexistro xeral do Concello durante o prazo de seis días naturais **dende o 20/02/2019 ó 25/02/2019 (ámbolos dous incluídos)** , rematado o prazo publicarase de listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos dándose un prazo de dous días para no seu caso de subsanación de erros e publicándose o finalizar dito prazo o listado de aspirantes definitivos admitidos e excluídos.

A documentación que deberán presentar os/as aspirantes a este proceso será o modelo de instancia debidamente cuberta xunto ca seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do D.N.I.
- b) Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente. (recollida xa na instancia)
- c) Acreditación documental dos criterios de inserción socio-laborais.

A data de realización das probas publicarase no taboeiro do concello e na páxina web institucional do concello www.baiona.org.

8.- Tribunal Cualificador.- O Tribunal que terá como función a avaliación dos méritos alegados polos aspirantes e propor á Alcaldía os/as aspirantes mais idóncos para a súa selección, estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente: Un funcionario/a ou traballador/a do concello de Baiona

Secretaria: A Secretaria do concello ou funcionario en quen delegue

Vogais: 1º Vogal.- Un/ unha funcionario/a ou traballador/a do concello de Baiona

2º Vogal .-Un/unha funcionario/a ou traballador/a do concello de Baiona

3º Vogal.- Un/unha funcionario/a ou traballador/a do concello de Baiona

Os integrantes do Tribunal serán designados polo concello de Baiona, e a súa composición farase pública na mesma Resolución pola que se aproba a lista de aspirantes admitidos e excluídos.

Designaranse suplentes para cada un dos membros que integren os Tribunais.

Tódolos Vogais do Tribunal Cualificador deberán ter nivel de titulación académica ou de especialización profesional igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto desta convocatoria.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.





O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario. O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, conorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros. O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios. O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

9.- Procedemento de selección.-

O proceso de selección (**CONCURSO-OPOSICIÓN**) constará das seguintes fases:

Fase A.- oposición.- Consistirá na realización de dúas probas prácticas Puntuación máxima 20 puntos (realización de dúas probas).

.-Primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: puntuación máxima 10 punto: Consistirá en desenvolver nun tempo máximo de 30 minutos un cuestionario de 10 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta de acordo co Programa que figura no Anexo I desta convocatoria. Este exercicio é eliminatorio e valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo excluídos os participantes que non acaden un mínimo de 5 puntos. As preguntas correctamente contestadas se valorarán con 1 punto, e as respostas erróneas ou non contestadas puntuarán negativamente 0,25 puntos, e dicir minorarán as respostas correctamente contestadas.

.-Segundo exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: puntuación máxima 10 punto:

Consistirá nunha proba de carácter práctico relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación das competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación os postos de traballo terá unha valoración de 10 puntos como máximo sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala.

Fase B.- Concurso.-Puntuación máxima 4 puntos.

Consistirá nunha valoración de criterios de inserción socio-laboral, con un máximo de 4 puntos

O Tribunal aplicará, con carácter preferente, os criterios de inserción sociolaboral incluídos nas Bases da convocatoria do Plan Concellos 2019 Liña 3 : Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos da Deputación Provincial de Pontevedra (publicadas no BOPPO nº 242 de Martes 18/12/2018) e os criterios sinalados dentro das políticas activas





de emprego do artigo 30 do Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de Emprego (BOE nº 255 de Sábado 29 de outubro de 2015)

Para a súa acreditación, será necesario presentar a documentación probatoria oportuna así coma informes elaborados por técnicos/as das diferentes administracións con competencias nestas áreas.

A valoración destes criterios, que teñen carácter acumulativo tendo como **límite o recollido na puntuación máxima** , se realizará en función do seguinte baremo:

1.- Pertencer a un colectivos seguintes: vítima de violencia de xénero: 1 punto

O criterio de muller vítima de violencia de xénero (de se-lo caso) se acreditará consonte a seguinte documentación:

- Fotocopia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servicios sociais, sanitarios da administración pública, autonómicos o locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

2.- Pertencer a un colectivos seguintes: ter máis de 45 anos. 1,5 puntos

O criterio de ser maior de 45 anos(de selo-caso) se acreditará na fotocopia do DNI

3.- Pertencer a un colectivos seguintes: familia monoparental con fillos o seu cargo: 1,25 puntos

O criterio de ser familia monoparental con fillos a cargo,se acreditará con fotocopia do libro de familia

4.-Ingresos da Unidade Familiar (tódolos conviventes da unidade) : máximo 1 punto

Os ingresos da Unidade Familiar acreditaranse mediante certificado da declaración do IRPF do último exercicio fiscal (2017). Casillas 389 e 405 de la Declaración de la Renda do exercicio 2017.

No suposto de non ter obriga de presentar declaración, presentarse certificado de Facenda non estar obrigado a presentala.

A formula para o cálculo dos ingresos da unidade familiar de cada candidato/a ao posto de traballo, dividirase entre o número de persoas que forman a unidade de convivencia en cómputo mensual, aplicarase o seguinte baremo calculado sobre o importe do IPREM en vigor

INGRESOS MES	PUNTOS
MEMBRO UNIDADE CONVIVENCIA	





0	1
64,53	0,9
129,06	0,8
193,59	0,7
258,12	0,6
322,65	0,5
387,18	0,4
451,71	0,3
516,24	0,2
580,77	0,1
645,3	0

5.- Por cargas familiares: máximo 0,9 puntos

A valoración destes criterios, que teñen carácter acumulativo tendo como límite o recollido na puntuación máxima, se realizará en función do seguinte baremo:

	Puntuación
por cada menor de idade convivinte, mais de 6 meses nun período de 12 meses, ou maior de idade ata 26 anos.	0,10
por cada menor de idade convivinte orfo ou orfa absoluto	0,50
por situación de acollemento legal por cada menor	0,20
por cada persoa cualificada legalmente como discapacitada, grao igual ou superior ó 33%	0,30
por cada persoa cualificada legalmente como discapacitada, grao igual ou superior ó 65%	0,50
por cargas familiares non compartidas (persoa principal viúvo ou viúva, solteiro ou solteira (sen convivencia co proxenitor do menor), separado ou separada, divorciado ou divorciada)	0,50

Estas circunstancias acreditaranse, de se-lo caso, mediante:

- Fotocopia do libro de familia.
- Certificado de minusvalía do convivente a cargo.
- Resolución administrativa de recoñecemento do acollemento.
- Volante de convivencia (recabarase de oficio polo concello en caso dos aspirantes que esten empadronados en Baiona)

No caso de empate na puntuación obtida trala suma da fase de oposición e concurso daráselle preferencia a aqueles que non foran contratados polo Concello no ano 2017 e no 2018. E de persistir o empate a favor daquel que menos tempo, no seu caso, traballara para o Concello.

10.- Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato.-
Rematada a valoración dos méritos o tribunal formulará unha proposta completa dos/as aspirantes con maior puntuación obtida á Alcaldía ó obxecto de que por esta se proceda á contratación.





11. Retribucións.- Será a recollida no Convenio da Construcción da Provincia de Pontevedra (publicado no BOPPO nº 42 de 01/03/2017 (tendo en conta a resolución da concesión de subvención), incluída a parte proporcional de pagas extra, **o que supón un importe bruto de 1.409,48 euros/mes**

12 Reclamacións e recursos.-Las aclaracións e/ou revisións das calificacións otorgadas polo Tribunal calificador se solicitarán por escrito ó mesmo.
Contra a a acta de valoración de méritos do Tribunal poderá interpoñerse recurso de Alzada ante a alcaldía-presidencia de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

13 Réximen Xurídico O réximen xurídico destas Bases será o contido na LBRL (art 91.2, e art. 103) LMRFP (art 19.1) TRRL (art 177) Lei 5/1997 de 22 de xuño de administración local de Galicia (arts 231 a 250) no artigos 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público. , no artigo 27,49 a 59, o 63 e o205 da Lei 2/2015 de Emprego público de Galicia o TRET e as Bases Reguladoras do **Plan Concellos 2019 Liña 3 : Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos da Deputación Provincial de Pontevedra (publicadas no BOPPO nº 242 de Martes 18/12/2018).**

TEMARIO :- Anexo I

Tema 1.- Ferramentas de mano: tipoloxía e usos

Tema 2.-Morteros e formigón . tipoloxía, fabricación e posta en obra

Tema 3.- Rozas, goteiros e humidades

Tema 4.- Materiales de construción. Principales reparacións e traballos de albaneiría

Tema 5.- Seguridade e hixiene; Uniformidade, elementos de hixiene, elementos de seguridade no uso da maquinaria

